



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

**ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUC A (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUC A VILAS S.A.**

INFORME DO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN “A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR” DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DE EMPRESA CONSTRUCTORA PARA A EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DA DERRUBA PARCIAL DO EDIFICIO SITO NA RÚA CHURRUC A Nº3-5 DO CONCELLO DE VIGO

Redáctase o presente informe a solicitude da Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo co obxecto de valoralo criterio de adxudicación “A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR” do procedemento de contratación de empresa constructora para a execución subsidiaria da derruba parcial do edificio sito na rúa Churruca nº3-5 do Concello de Vigo.

Atenderase ó disposto no PCAP que rexe a presente contratación, que neste apartado estipula o seguinte:

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

a. Programa de traballo.

Valorarase ata un máximo de VINTE (20) puntos a achega do programa de traballo a levar a cabo durante a obra, para o cal se terá en conta a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo coñecemento dos problemas a resolver.

Terá que ser un programa de traballo específico para esta obra (non se valorarán programas xenéricos), que recolla a execución dunha derruba nun edificio que conta con habitantes no seu interior, inserto nunha trama urbana, con edificacións lindantes, rodeado de viais, etc.

No mesmo se especificarán as distintas fases de execución da obra.

Deberanse xustificar a adopción das medidas que supoñan unha redución do prazo de execución do previsto no proxecto de execución (12 meses), condición necesaria para proceder á valoración do apartado B) criterios avaliábeis a través de fórmula b) redución do prazo de execución, de tal xeito que a aquelas propostas que non acheguen esta xustificación neste apartado non se lles valorará o ofertado no criterio b) dos criterios avaliábeis a través de fórmula.

b. Plan de control de calidade.

Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos o plan de control de calidade das obras a executar para o que se achegará unha proposta de ensaios de control de calidade asinada por técnico competente dunha entidade homologada para tal fin na que se indiquen as probas a realizar e a cantidade de cada unha delas (non aparecerá neste apartado os prezos das mesmas, cuestión pertencente ó criterio de avaliación do sobre B).

c. Melloras cuantificadas economicamente.

Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos en base aos seguintes criterios:

- Os licitadores presentarán as súas ofertas de melloras cuantificadas economicamente e debidamente ordenadas, sen que o seu importe total poida exceder do 5% do presuposto de licitación. Non obstante, a cuantificación económica que prevalecerá será a que establezan os servizos técnicos municipais nos seus informes.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUCÁ (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUCÁ VILAS S.A.

- *Só se admitirán aquelas melloras que teñan relación co obxecto do contrato; o resto serán rexeitadas.*
- *En concreto, as melloras que se oferten terán relación cos seguintes aspectos:*
 - i. *Informe ante notario redactado por técnico competente relativo o estado do edificio obxecto da derruba parcial e dos edificios lindantes.*
 - ii. *Realoxo dos ocupantes das vivendas que teñan que ser desaloxadas para a execución da obra perante o prazo de execución dos traballos en pisos alonxados un máximo de 1 Km dende o edificio obxecto de derruba parcial. Inclúe traslado de ida e volta de mobiliario e aluguer de vivendas polo prazo establecido para a execución completa dos traballos.*
 - iii. *Medidas de seguridade complementarias ás indicadas no estudio de seguridade e saúde do proxecto encamiñadas a mellora-la seguridade do resto do edificio, dos seus ocupantes e dos viandantes.*
- *A asignación da puntuación por este criterio farase proporcionalmente ao importe das melloras aceptadas con arranxo á seguinte fórmula:*
$$P = 10 * \frac{\text{Importe total melloras da oferta a considerar}}{5\% \text{ do importe do presuposto de licitación}}$$

Onde P é a puntuación a outorgar a oferta.
- *O contratista non terá a obriga de executar as melloras rexeitadas.*

d. Memoria de prevención de riscos laborais.

O contratista aportará neste apartado relación de medidas que se disporán ó longo da execución da obra, en relación coa prevención de riscos laborais, tanto no relativo a medidas de protección pasiva e activa, así como actividades que se desenvolverán ó longo da obra para minimizar os riscos laborais. Terase especial atención na descripción das medidas de protección propostas para a protección das rúas e beirarúas, do resto das vivendas do edificio ou dos edificios lindantes. Este apartado valorarase ata un máximo de CINCO (5) puntos. A documentación a presentar para este criterio terá un máximo de 20 follas a unha cara en formato A4. No caso de superar o número de follas non se valorará este apartado.

1. CRITERIOS DE PUNTUACIÓN

Os criterios de puntuación aplicados na valoración das ofertas presentadas a concurso serán os seguintes:

- **PROGRAMA DE TRABAJO (MÁXIMO 20 PUNTOS)**



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUCA (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUCA VILAS S.A.

- Outorgaráselle 20 puntos ás ofertas que cumplan íntegramente o esixido neste apartado do PCAP.
 - Outorgaráselle 15 puntos ás ofertas que, aínda sendo coherentes e específicas para esta obra, non acaden o cumprimento íntegro do esixido neste apartado do PCAP.
 - Outorgaráselle 5 puntos ás ofertas que teñan un carácter xenérico e non específico para esta obra, que acheguen información insuficiente ou que conteñan erros que supoñan un descoñecemento dos traballos a desenvolver.
 - Outorgaráselle 0 puntos ás ofertas que non acheguen documentación neste apartado ou aquelas que acheguen documentación con graves erros.
- **PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (MÁXIMO 10 PUNTOS)**
- Outorgaráselle 10 puntos ás ofertas que cumplan íntegramente o esixido neste apartado do PCAP.
 - Outorgaráselle 5 puntos ás ofertas que non acaden o cumprimento íntegro do esixido neste apartado do PCAP ou que acheguen un Plan de Control de Calidade non axustado ás necesidades deste tipo de obra.
 - Outorgaráselle 0 puntos ás ofertas que non acheguen documentación neste apartado ou aquelas que acheguen documentación con graves erros.
- **MELLORAS CUANTIFICADAS ECONÓMICAMENTE (MÁXIMO 10 PUNTOS)**
- Procederase a revisa-las melloras ofertadas xustificando o rexeitamento daquelas que non cumplan o indicado neste apartado do PCAP e xustificando tamén a revisión da oferta económica que proceda facer por parte dos servizos técnicos municipais. A puntuación final deste apartado será a resultante de aplica-la fórmula establecida no PCAP para o importe económico final de melloras aceptadas.
- **MEMORIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (MÁXIMO 5 PUNTOS)**
- Outorgaráselle 5 puntos ás ofertas que cumplan íntegramente o esixido neste apartado do PCAP.
 - Outorgaráselle 3 puntos ás ofertas que non acaden o cumprimento íntegro do esixido neste apartado do PCAP ou que acheguen documentación non axustada ás necesidades deste tipo de obra.
 - Outorgaráselle 0 puntos ás ofertas que non acheguen documentación neste apartado, a aquelas que acheguen documentación con graves erros e ás que incumplan o número máximo de follas a presentar.

2. ANÁLISE DAS OFERTAS



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUCÁ (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUCÁ VILAS S.A.

Procedemos a desenvolver-la análise das ofertas, que se corresponden cas seguintes empresas:

- DENTELLADA S.L.
- COPCISA S.A.
- CONSLAR, INGENIERIA Y CONSTRUCCION S.L.
- ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A.
- PROYECTA, ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN S.L.
- AGRUPCONSA S.L.
- U.T.E. ANLLAR - SARMIENTO
- EIRIÑA S.L.
- EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS S.A.

2.1. ANALISE OFERTAS PROGRAMA DE TRABAJO

DENTELLADA S.L. (15 puntos)

A proposta que se achega é específica e comprende a análise das diversas fases de obra a executar. A xustificación das medidas que supoñen unha redución do prazo de execución e a descrición xeral do programa de traballo non acadou o nivel máximo esixido.

COPCISA S.A. (15 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta un programa de traballo específico, ca análise das diversas fases de obra a executar e con descrición das medidas que supoñen unha redución do prazo de execución, atendendo en todo caso á particularidade da obra, inserta nunha trama urbana.

CONSLAR, INGENIERIA Y CONSTRUCCION S.L. (15 puntos)

A proposta que se achega é específica e comprende a análise das diversas fases de obra a executar. A descrición xeral do programa de traballo non acadou o nivel máximo esixido.

ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A. (5 puntos)

A memoria é en exceso xenérica.

PROYECTA, ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCION S.L. (15 puntos)

A proposta que se achega é específica e comprende a análise das diversas fases de obra a executar. A descrición xeral do programa de traballo non acadou o nivel máximo esixido sendo en moitos casos xenérica.

AGRUPCONSA S.L. (5 puntos)

A memoria é en exceso xenérica.

U.T.E. ANLLAR - SARMIENTO (20 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta un programa de traballo específico, ca análise das diversas fases de obra a executar e con descrición das medidas que supoñen unha redución do prazo de execución, atendendo en todo caso á particularidade da obra, inserta nunha trama urbana.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUCA (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUCA VILAS S.A.

EIRIÑA S.L. (5 puntos)

A memoria é en exceso xenérica.

EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS S.A. (15 puntos)

A proposta que se achega é específica e comprende a análise das diversas fases de obra a executar. A descrición xeral do programa de traballo non acada o nivel máximo esixido.

2.2. ANALISE OFERTAS PLAN DE CONTROL DE CALIDADE

DENTELLADA S.L. (10 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta unha proposta de control de calidade asinada por técnico competente dunha entidade homologada a tal fin que se corresponde co obxecto do traballo.

COPCISA S.A. (10 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta unha proposta de control de calidade asinada por técnico competente dunha entidade homologada a tal fin que se corresponde co obxecto do traballo.

CONSLAR, INGENIERIA Y CONSTRUCCION S.L. (10 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta unha proposta de control de calidade asinada por técnico competente dunha entidade homologada a tal fin que se corresponde co obxecto do traballo.

ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A. (5 puntos)

O Plan de Control de Calidade que se achega é insuficiente xa que os ensaios e probas que se plantexan na proposta da empresa homologada son insuficientes para o control da totalidade de capítulos existentes en obra.

PROYECTA, ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCION S.L. (5 puntos)

O Plan de Control de Calidade que se achega é insuficiente xa que os ensaios e probas que se plantexan na proposta da empresa homologada son insuficientes para o control da totalidade de capítulos existentes en obra.

AGRUPCONSA S.L. (10 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta unha proposta de control de calidade asinada por técnico competente dunha entidade homologada a tal fin que se corresponde co obxecto do traballo.

U.T.E. ANLLAR - SARMIENTO (10 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta unha proposta de control de calidade asinada por técnico competente dunha entidade homologada a tal fin que se corresponde co obxecto do traballo.

EIRIÑA S.L. (10 puntos)



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUCA (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUCA VILAS S.A.

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta xa que presenta unha proposta de control de calidade asinada por técnico competente dunha entidade homologada a tal fin que se corresponde co obxecto do traballo.

EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS S.A. (5 puntos)

O Plan de Control de Calidade que se achega é insuficiente xa que os ensaios e probas que se plantexan na proposta da empresa homologada son insuficientes para o control da totalidade de capítulos existentes en obra.

2.3. ANALISE OFERTAS DE MELLORAS

DENTELLADA S.L. (6 ´ 16 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Protocolo Notarial	3.540´00 €	-	3.540´00 €
Andamiaxe rúa Churruca	28.320´00 €	Descóntase o importe previsto en proxecto (3.635´94 €, IVE incluído) e aplicaselle o prezo de proxecto á medición da fachada (609 m2)	13.615´91 €
TOTAL	31.860´00 €		17.155´91 €

COPCISA S.A. (8 ´ 41 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Protocolo Notarial	7.000´00 €	Aplicaselle a media aritmética (ver nota a pé de táboa)	5.187´33 €
Realoxo de catro vivendas, i./ traslado ida e volta e aluguer do primeiro mes.	4.590´00 €	-	4.590´00 €
Técnico superior en prevención de riscos laborais a xornada completa.	7.875´66 €	-	7.875´66 €
Brigada de seguridade a dedicación total.	4.007´57 €	-	4.007´57 €
Recurso preventivo en actividades de risco especial.	621´67 €	-	621´67 €
Medios auxiliares na manipulación de materiais da obra	575´72 €	-	575´72 €
Redacción de plan de emerxencia.	143´56 €	-	143´56 €
Disposición de aparatos tecnolóxicos.	1.080´08 €	Non se consideran precisos para o traballo que se pretende executar.	0´00 €



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUCÁ (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUCÁ VILAS S.A.

Revisión do material de seguridade e saúde.	433'88 €	E esixible en todo caso, logo non pode considerarse como mellora.	0'00 €
Casco con barbuquexo.	433'88 €	-	433'88 €
Chalecos reflectantes.	548'10 €	Existe partida en presuposto do proxecto.	0'00 €
Melloras no presuposto de seguridade e saúde.	547'81 €	A medición non pode constituir unha mellora.	0'00 €
TOTAL	27.857'93 €		23.435'39 €

CONSLAR, INGENIERIA Y CONSTRUCCION S.L. (9'21 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Protocolo Notarial	3.510'50 €	-	3.510'50 €
Realoxo de quince vivendas e aluguer de dous meses.	21.063'00 €	-	21.063'00 €
Rede horizontal de seguridade.	166'12 €	-	166'12 €
Barandilla protección.	905'24 €	-	905'24 €
Humectación.	2.106'30 €	A humectación non pode aceptarse como mellora.	0'00 €
TOTAL	27.751'16 €		25.644'86 €

ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A. (0'00 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Informe notarial, realoxo de ocupantes e medidas adicionais de seguridade e saúde.	27.857'94 €	Non se achegan prezos unitarios que posibiliten valora-la oferta.	0'00 €
TOTAL	27.857'94 €		0'00 €

PROYECTA, ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCION S.L. (7'48 pto)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Protocolo Notarial	3.424'86 €	-	3.424'86 €
Realoxo de ocupantes.	17.412'08 €	-	17.412'08 €
Medidas de seguridade complement.	7.021'00 €	Non se achega descripción das medidas que posibilita valora-la	0'00 €

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS	EXPEDIENTE : 15529/423 ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA SITUACIÓN: CHURRUC A (RUA) Nº 3-5 ESQUINA RÚA GRAVINA PROPIETARIO: CHURRUC A VILAS S.A.
--	---

		oferta.	
TOTAL	27.857´94 €		20.836´94 €

AGRUPCONSA S.L. (1´86 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Protocolo Notarial	7.000´00 €	Aplicáselle a media aritmética (ver nota a pé de táboa)	5.187´33 €
Realoxo de ocupantes e medidas de seguridade e saúde complementarias.	20.857´93 €	Non se achegan prezos unitarios que posibiliten valora-la oferta.	0´00 €
TOTAL	27.857´93 €		5.187´33 €

U.T.E. ANLLAR - SARMIENTO (5´64 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Protocolo Notarial	17.323´20 €	Aplicáselle a media aritmética (ver nota a pé de táboa)	5.187´33 €
Realoxo de ocupantes de 2 vivendas, i./ p.p. de traslado ida e volta.	10.534´72 €	-	10.534´72 €
TOTAL	27.857´92 €		15.722´05 €

EIRIÑA S.L. (9´71 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
Protocolo Notarial edificio obxecto de derruba parcial.	3.000´00 €	Aplicáselle a media aritmética (ver nota a pé de táboa)	5.187´33 €
Protocolo Notarial edificios lindantes ó de obxecto de derruba parcial.	3.000´00 €	Valorada en conxunto ca oferta do punto anterior.	0´00 €
Realoxo de ocupantes (24 meses totais de aluguer - 4 vivendas).	18.000´00 €	-	18.000´00 €
Traslado de ida e volta de enseres.	3.857´92 €	-	3.857´92 €
TOTAL	27.857´92 €		27.045´25 €

EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS S.A. (10 puntos)

OFERTA	VALORACION (18% IVE incluído)	OBSERVACIÓNS	VALORACIÓN ACEPTADA
--------	----------------------------------	--------------	------------------------

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS	EXPEDIENTE : 15529/423 ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA SITUACIÓN: CHURRUCA (RUA) Nº 3-5 ESQUINA RÚA GRAVINA PROPIETARIO: CHURRUCA VILAS S.A.
--	---

Protocolo Notarial edificio obxecto de derruba parcial e dos edificios lindantes.	4.073'47 €	-	4.073'47 €
Realoxo de ocupantes (18 meses totais de aluguer - 3 vivendas).	18.198'43 €	-	18.198'43 €
Traslado de ida e volta de enseres.	4.212'60 €	-	4.212'60 €
Barandilla de contención de peóns.	577'13 €	-	577'13 €
Arnés de seguridade.	796'31 €	-	796'31 €
TOTAL	27.857'94 €		27.857'94 €

NOTA: para valora-lo importe aceptado das melloras correspondentes ó protocolo notarial que se consideren sobrevaloradas procedeuse a calcula-la media aritmética da totalidade das ofertas descartando a superior e a inferior.

2.4. ANÁLISE OFERTAS MEMORIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

DENTELLADA S.L. (5 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta que se achega, xa que nela descríbense as medidas de protección para cada un dos oficios e contéplase a adopción de medidas de protección específicas para o tipo de obra a executar.

COPCISA S.A. (5 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta que se achega, xa que nela descríbense as medidas de protección para cada un dos oficios e contéplase a adopción de medidas de protección específicas para o tipo de obra a executar.

CONSLAR, INGENIERIA Y CONSTRUCCION S.L. (3 puntos)

A memoria de prevención de riscos que se achega ten un carácter excesivamente xenérico e non incide nas medidas de protección propostas para a protección das rúas e beirarúas, do resto das vivendas do edificio ou dos edificios lindantes.

ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A. (3 puntos)

A memoria de prevención de riscos que se achega non incide nas medidas de protección propostas para a protección das rúas e beirarúas, do resto das vivendas do edificio ou dos edificios lindantes.

PROYECTA, ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCION S.L. (3 puntos)

A memoria de prevención de riscos que se achega ten un carácter excesivamente xenérico e non incide nas medidas de protección propostas para a protección das rúas e beirarúas, do resto das vivendas do edificio ou dos edificios lindantes.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE : 15529/423

ASUNTO: EXECUCION SUBSIDIARIA
SITUACIÓN: CHURRUCA (RUA) Nº 3-5 ESQUINA
RÚA GRAVINA
PROPIETARIO: CHURRUCA VILAS S.A.

AGRUPCONSA S.L. (5 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta que se achega, xa que nela descríbense as medidas de protección para cada un dos oficios e contéplase a adopción de medidas de protección específicas para o tipo de obra a executar.

U.T.E. ANLLAR - SARMIENTO (5 puntos)

Outórgaselle a puntuación máxima neste apartado á oferta que se achega, xa que nela descríbense as medidas de protección para cada un dos oficios e contéplase a adopción de medidas de protección específicas para o tipo de obra a executar.

EIRIÑA S.L. (3 puntos)

A memoria de prevención de riscos que se achega ten un carácter excesivamente xenérico e non incide nas medidas de protección propostas para a protección das rúas e beirarúas, do resto das vivendas do edificio ou dos edificios lindantes.

EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS S.A. (3 puntos)

A memoria de prevención de riscos que se achega non incide nas medidas de protección propostas para a protección das rúas e beirarúas, do resto das vivendas do edificio ou dos edificios lindantes.

3. RESUMEN PUNTUACIONES

	PROGRAMA	C.CALIDADE	MELLORAS	PREV.RISCOS	TOTAL
DENTELLADA S.L.	15	10	6´16	5	36´16
COPCISA S.A.	15	10	8´41	5	38´41
CONSLAR S.L.	15	10	9´21	3	37´21
ARIAS HERMANOS S.A.	5	5	0´00	3	13´00
PROYECTA S.L.	15	5	7´48	3	30´48
AGRUPCONSA S.L.	5	10	1´86	5	21´86
UTE ANLLAR-SARMIENTO	20	10	5´64	5	40´64
EIRIÑA S.L.	5	10	9´71	3	27´71
EXTRACO S.A.	15	5	10´00	3	33´00

Vigo, a 12 de decembro de 2011
Arquitectos Municipais

Asdo. Juan Luis Piñeiro Ferradás Asdo. David Carvajal Rodríguez-Cadarso